



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DO SALNÉS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NA COMARCA DO SALNÉS .

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidade do Salnés o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade do Salnés para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes actuacións que se distribuirán en dúas anualidades:

ANO 2018:

- a) 1ª liña de actuación: Internacionalización, con elaboración de contidos e accións de promoción e comercialización do destino. Para a Mancomunidade do Salnés os mercados internacionais ós que van dirixidos as accións son os seguintes: Reino Unido, Rusia, Francia, Portugal, Alemania e Italia.
- b) 2ª liña de actuación: Execución plan E-márketing a nivel nacional e internacional con elaboración e publicación de contidos en redes sociais. Elaboración e publicación de contidos en redes sociais e blog “Descubre o Salnés”
- c) 3ª liña de actuación.- Elaboración dos produtos turísticos para o mercado (re-edición dos mapas comarcais)
- d) 4ª liña de actuación: Implantación de novas tecnoloxías: Creación dunha intranet para as oficinas de turismo da Comarca do Salnés, co obxectivo de unificar a información e imaxe





ofrecidas polas OIT en toda a Comarca do Salnés, levándose a cabo tamén a formación dos técnicos para a implementación da intranet.

ANO 2019

- a) 1ª liña de actuación: Internacionalización, con elaboración de contidos de promoción e comercialización do destino (Elaboración de contidos para o mercado ruso-parlante e promoción en plataformas de ruso-parlantes residentes en España e fam-trip dirixido aos mercados prioritarios).
- b) 2ª liña de actuación: Execución plan E-márketing a nivel nacional e internacional con elaboración e publicación de contidos en redes sociais. Elaboración e publicación de contidos en redes sociais e blog “Descubre o Salnés”. Darase continuidade as accións de E-márketing levadas a cabo no ano 2018.
- c) 3ª liña de actuación: Elaboración de produtos turísticos para o mercado (“Ruta do Padre Sarmiento” e a “Variante Espiritual”).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, e de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local





de Galicia, terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

Terceiro.- A Mancomunidade do Salnés é unha administración pública de carácter local integrada polos concellos de: Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Illa de Arousa, Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo e O Grove, e no artigo 13 dos seus estatutos establécense como fins do mesmo entre outros *“Realización de xestións e actividades para a potenciación do turismo na comarca que atinxe á mancomunidade”*.

Cuarto.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo da Mancomunidade do Salnés, contribúen á potenciación do turismo na área do xeodestino que integra esta Mancomunidade e supón unha continuación da colaboración entre ambas entidades realizada a través dos Plans de Dinamización e de Excelencia Turística e os posteriores convenios postplan desenvolvidos nesta área.

Que a través deste convenio, outórgase á Mancomunidade do Salnés unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

